

O ALCALDE SÚMASE AO SAQUEO DO CONCELLO

Hai un ano que o PP de Carnota decidiu cambiar a súa tradicional crítica aos “excesivos” soldos que percibían alcalde e tenente de alcalde no anterior goberno municipal, e abriu a caixa forte do municipio a canto amigo quixera meter a man. Daquela poucos rexeitaran a *xenerosa oferta*: **30.000€ anuais a dous concelleiros, 38.000€ ao alcalde, e 2.000€ mensuais a unha amiga que pasaba por alí** (tamén chamada *Administrativa de apoio á alcaldía*).

O BNG non tardara en denunciar o *chollo* para facerlle saber aos veciños que o PP duplicara o soldo dos políticos a conta de reducir á metade o investimento en proxectos. Ademais, un medio de comunicación revelou que o noso concello era **o que máis gastaba da bisbarra no soldo dos seus políticos**. Así que o alcalde non lle quedara máis remedio que renunciar ao seu soldo, aínda que a *versión oficial* non foi esa, senón que “o BNG deixara o concello *arruinado*”. E quedou tan ancho.

Este mes de abril de 2009, ademais das flores, agromaron en toda a súa dimensión as mentiras do PP: **O alcalde acaba de coller unha dedicación exclusiva de 51.500€ anuais** (715 mil das antigas pesetas ao mes) e **consolidou o incremento de 8.000€ anuais á súa concelleira máis fiel**. Os outros dous *asalariados* do PP tamén conservan o que tiñan, que non era pouco. En conxunto, os veciños de Carnota darémolles a estes privilexiados uns **60.000€ máis que no ano 2008**, e iso sen contar Seg. Social nin dietas. **Alguén dixo crise?**

Por se fora pouco, **o PP consolida os sobressoldos aos seus empregados máis fieis**: 6.000€ máis cada ano para o encargado do pavillón de Carnota e unha técnica informática, e 500€ máis cada mes a un administrativo, discriminando así ao resto dos traballadores; non esquezamos que **8 profesionais acaban de ser despedidos fulminantemente coa excusa da “falta de cartos”**. Ata certo punto é lóxico, pois ademais de que non hai cartos que paguen a tanto “metido a político”, rexeitaron as subvencións con que se lles pagaba a eses traballadores.

Cada vez está máis claro que a crise en Carnota ten moi pouco que ver coa macroeconomía nin coa carestía da vida; **este goberno perdeu totalmente o control hai moitos meses**, e agora xa non teñen nin a vergonza de disimular o expolio das arcas municipais. Despois de dous anos sen ningunha nova inversión digna de mencionar, o alcalde, concelleiros e os seus amigos **só parecen afanados en levar o diñeiro de todos para as súas casas**, e en mirar para outro lado mentres os nosos veciños as pasan canutas para chegar a fin de mes. Están provocando unha crise de xestión sen precedentes que mantén o noso concello encallado desde que o PP se puxo no timón, e todo apunta a que así seguirá ata que se esgote a lexislatura ou a bolsa dos cartos.

Moi ao noso pesar, a maioría absoluta do PP impídenos parar esta sangría, mais desde o BNG de Carnota volvemos a suplicar ao goberno que recobren a cordura dunha vez e supriman cando menos 2 desas dedicacións, que reduzan a escandalosa asignación do alcalde e que dediquen os poucos cartos que sobrevivan a facer sequera algún proxectiño no tempo que lles queda. Sabemos que non é moito pedir, pero o noso vasto coñecemento da ineptitude política destes gobernantes desaconséllanos pedirilles moito máis.

Por certo, que opinará o señor Alberte Núñez Feijóo, ese que acaba de tomar posesión na Xunta predicando a *austeridade*, sobre o que están facendo os seus *colegas* de Carnota? ★

